

Nimbos

Nimbos nace na cabeza de Antía Caaveiro, vocalista, frautista e gaiteira do grupo. Despois de anos compoñendo melodías e musicalizando poemas, a maioría da súa irmá, decide formar unha banda para compartir todas esas cancións que foron crescendo con ela dende que compuxo o seu primeiro tema aos trece anos. En 2023 súmanse a este proxecto Álvaro García á guitarra, Xalo Rubio ao acordeón, Mario Arranz ao contrabaixo e Diego Barro á percusión tradicional, sendo este último substituído por Álvaro Prieto en 2025. Comezan a dar concertos en sitios como A Casa Museo Manuel María, o Festival Irmandinho de Moeche ou o Festival Folk da Fraga, entre outros. Bebendo da tradición e do folk, Nimbos crea o seu universo sonoro misturando con outros estilos como o jazz, construíndo unha música bailable nun amplo sentido da palabra, que leva aos directos a facilidade de interactuar dende o corpo. Actualmente veñen de presentar ATÉ, o seu primeiro disco, no que colaboraron con artistas como Sergio Delgado. Están no momento de expandirse alén da súa contorna na que xa son coñecidos e rodar polo resto de escenarios da rexión. O saxofonista Álvaro Fernández incorpórase como artista invitado, participando na grabación de diversos temas do disco e tocando en varios concertos.



De esquerda a dereita: Álvaro García (guitarra), Mario Arranz (contrabaixo), Álvaro Prieto (percusión), Antía Caaveiro (voz, fruta e gaita) e Xalo Rubio (acordeón).



